

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

EXTRACTO da Orde do 3 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da instalación de valados fixos como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT809F).

BDNS (Identif.): 804410.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza celta, equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) de Galicia.

Segundo. Obxecto

Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques de lobo, coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentiva a adquisición de elementos preventivos (valados fixos) dos danos que poidan ocasionar esta especie, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (procedemento MT809F).

Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 3 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da instalación de valados fixos como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT809F).



Cuarto. Contía

As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cun importe total de catrocentos mil euros (400.000 €).

Subvencionaranse a adquisición e a instalación de valados fixos:

a) Valados fixos electrificados.

O importe máximo da axuda será de 3,5 € por metro lineal ata un máximo de 1.750 € por valado, IVE excluído.

b) Valados fixos con malla gandeira ou cinxética metálica.

O importe máximo da axuda será de 4,5 € por metro lineal ata un máximo de 4.500 € por valado, IVE excluído.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE-DOG: q6dervt6-yhj6-wzi5-qga6-toef9ct1pjh3

